

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Lois Tobío Fernández do 16/03/1978

Colección:

Data: 16/03/1978

De:

Isaac Díaz Pardo;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Sargadelos (parroquial), Cervo (municipal), A Mariña Occidental (comarcal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: SEMINARIO DE SARGADELOS].

Mencionados:

Castelao;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Lois Tobío Fernández do 16/03/1978

SEMINARIO DE SARGADELOS
CERVO - LUGO - TLFNO. 580811

16 de marzal de 1978

Sr. Don Luis Tobío
Madrid

Meu querido amigo:

Confirmo o que che acabo de decir por teléfono: un curriculum e unha fotografía.

Quédame a dúbida de se ao marcar temas no esquema do Caderno poden haber pecado de limitante, cousa na que non quería caer e por eso decía que "... independentemente da libertade conque cada un quera evocar a súa lembranza da vella Institución, tocasen un particular tema distinto ..."

Quero lembrar que esta intención non limitante era a nosa. Se dúbida eu son culpable de exercer influencia limitante precisamente contigo, fundador da Institución, e esto amólame.

Sen dúbida ti tes moitas cousas que decir, que lembrar e que enfocar que podan contribuir á historia espiritual e política do Seminario que serían útiles pra o futuro. Pensa na posibilidade de ampliar o teu traballo con algunhas lembranzas ou alguns enques que ti vexas que podía precede perfectamente ao que xa me enviache. Inda quedan uns días pra pechar a edición.

Estase facendo, con motivo desta mostra, unha recolleita de datos das circunstancias que rodearon á vella institución. Hai datos puntos escuros. Alguns non será conveniente lembralos agora que a posible restauración do Seminario non veña a separar e si a unir. Hai cousas que é millor deixalas ... Hai outras que posiblemente serían útiles mais non aparece rastro de elas. Por exemplo o acta fundacional ¿quen a ten?. O discurso de Castelao "Do Novo Esprito" ¿onde está?. ¿E posible que de estas cousas tan importantes ninguén poda dar conta?

Eu sigo na agarda. O que ti fagas ben feito está.

Apertas tensas, teu

Díaz Pardo [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.